


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

21-22 de maio do 2022

VI SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1 ou 82 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Xesús está a preparar aos seus apóstolos para o que lles espera cando El non estea con eles. Por iso fálalles claramente do compromiso que teñen con El: amor aos seus mandatos.

Pero ante as situacións de cada día, tamén promete que non os deixará sos: vai para enviar o Espírito: quen lles recordará e ensinará todo o que necesiten para cumprir a súa misión de ser testemuñas do evanxeo.

E para iso tamén lles deixa a paz, para que non teñan medo. Unha paz nova que enche o corazón e a vida para poder ser transmitida duns a outros.

Que a nosa comunidade de Os Cotos estea sempre aberta a acción do Espírito na vida e que sexamos así transmisores da paz, que nos dá o mesmo Xesús.

Compartamos como comunidade, os que agora aquí estamos, e as persoas que botamos de menos.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Recoñecemos agora que a nosa vida está chea de atrancos e medos que non nos deixan camiñar alegres e pesan no noso corazón. Para poder ser vida de Pascua temos que pedir perdón recoñecendo que non sempre somos cribles:*

Monitor/a

- Pedimos perdón polas veces que pretendemos vivir a fe sen compromiso. Enchémonos de rutinas e non nos decatamos da grandeza das túas palabras. Señor, téndenos a túa man
- Pedimos perdón polas veces que cremos que estamos sos e non te sentimos á nosa beira. Señor, téndenos a túa man.
- Pedimos perdón polas veces que o medo non nos deixa medrar en paz. E por medo erguemos muros, somos agresivos, e non aceptamos a quen cre, pensa ou vive diferente. Señor, téndenos a túa man

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos conceda o Señor o perdón dos pecados, a todos nos abra os ollos á súa Pascua e a todos por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos e necesitados de paz, lembrándonos de Andrés, e coa encomenda que nos dá Cristo: transformar a nosa vida en evanxeo.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, seguimos a celebrar o tempo da Pascua, en honor ao teu Fillo Resucitado.

Dános a túa forza para que fagamos na vida o que celebramos na fe.

Pedímoscho por El mesmo, que Resucitado vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *O texto que hoxe proclamamos do Evanxeo de Xoán recolle o testamento que Xesús nos deixa.*

As súas últimas voluntades pasan por sermos homes e mulleres de paz, sermos crentes na esperanza sen medos e angustias, e sermos coherentes na escoita das súas palabras.

É o que agora facemos e é o que dá razón da nosa fe. Escoitemos e vivamos o testamento de Xesús.

LECTURA DO LIBROS DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Os apóstolos e os responsables de acordo con toda a Igrexa, decidiron elixir algúns de entre eles e mandalos a Antioquía, xunto con Paulo e Bernabé; Xudas, chamado Barsabás, e Silas, homes que destacaban entre os irmáns. E por medio deles mandaron esta carta:

"Os irmáns apóstolos e responsables saúdan aos irmáns de orixe pagá, que están en Antioquía, Siria e Cilicia. Somos sabedores de que algúns, saídos de aquí e a quen non demos mandato ningún, andan por aí desacougándovos coas súas palabras; decidimos escoller uns delegados e mandárvolos, xunto cos nosos benqueridos Bernabé e Saulo, que teñen dedicado a súa vida á causa de noso Señor Xesús Cristo; mandámosvos, logo, a Xudas e Silas, que vos dirán de palabra as mesmas cousas. Porque decidimos, o Espírito Santo e máis nós, non impoñervos máis cargas que as precisas. Saúde".

Palabra do Señor

🎵 *nº 8 ou 55 No colo da miña nai* SALMO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, díxolle Xesús aos seus discípulos:

- Se alguén me ama, gardará a miña palabra, e meu Pai amarao, e viremos onda el, e faremos vida con el. O que non me ama, non garda as miñas palabras; e a palabra que escoitades de min, non é miña, é do Pai que me mandou.

Díxenvos estas cousas mentres estaba convosco; pero o Paráclito, o Espírito Santo que meu Pai mandará no meu nome, ese havos ensinar todo e traeravos á memoria canto eu vos dixen. Déixovos a paz, douvos a miña paz: eu non vola dou coma o mundo a dá. Non vos angustiedes, nin teñades medo. Oístes que vos dixen "voume e logo volvo onda vós". Se me amasedes, alegrariádesvos de que eu vaia onda o Pai, xa que o Pai é máis ca min.

Díxenvolo agora, antes de que suceda, para que, cando suceda, creades.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante: *Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade de Os Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus, queremos ser a COMUNIDADE que ten a Cristo coma o irmán que nos ama.*

Celebrante *Agradécémolle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

RENUNCIAMOS AO MAL

Celebrante *Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.*

Monitor/a

○ **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai infelices e nos pecha no egoísmo?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar contra todo o que nos aparta de Deus e fire aos irmáns e á terra?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non aniñe a cobiza, a agresividade e a envexa?

Si, estamos dispostos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixádonos guiar da man do RESUCITADO compartimos o credo dicindo
SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres,
que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

SI CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido,

sempre atento para dar unha man resucitádonos para mellorar e medrar coidando con responsabilidade a vida cos demais?

SI CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,

que nos alenta esperanza para soñar irmandade,
que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra,
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade,
acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres
que en Ucraia se sinten inxustamente tratados?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Poñamos nas mans de Xesús, que nos dá a súa paz, o que o Espírito suxire que pidamos por nós e por todos. Digamos

SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

✓ Señor, porque non queremos ser unha igrexa de rutina, axúdanos a adaptarnos a estas terras e a estes tempos para sermos máis cribles cada día. Oremos

✓ Señor, porque non queremos deixarnos levar polo medo e a angustia, axúdanos a facernos cribles na paz e na irmandade. Oremos

✓ Señor, porque queremos ser parroquia, rezamos polos que estamos aquí, para que sexamos capaces de vivir a fe con ilusión e confiando no Espírito. Oremos

✓ Señor, porque somos igrexa de fogar, rezamos por Andrés e por todas as persoas que por unhas ou outras razóns non poden acompañarnos. Oremos

✓ Señor, porque somos crentes da Pascua, axúdanos a espallar esperanza, pois estamos chamados a dar exemplo dun mundo mellor para nós e para todos. Oremos

Celebrante: Señor Xesús, que saibamos recoñecerte no amor vivido en irmandade, pedímoscho a ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Temos escoitado a Cristo que nos di que non nos deixa sos, por iso alentados polo seu Espírito rezamos a Deus Pai como nos ensinou:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Temos escoitado a Cristo dicíndonos hoxe “douvos a miña paz, non vos angustiades nin teñades medo”. Pero, ás veces, a vida e as súas dificultades deixan en nós un pouso de desesperanza. Que isto non nos impida sermos sempre homes e mulleres de paz.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Pola man dos apóstolos aquela primeira comunidade botaba a andar querendo ser discípulos de Xesús amando como el o fixo e deixándose guiar polo Espírito. Nós compartimos unha mesa en irmandade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que vale a pena. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

 *nº 9 ou 58 Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor Xesús, asiste con bondade ao teu pobo.
Ti que nos iluminaches
con esta celebración compartida,
fainos entrar na vida nova do teu amor e da túa paz,
para que coas nosas palabras e os nosos feitos
sigamos sempre os vieiros do teu Espírito.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas Resucitado
para sempre eternamente. Amén

Xesús promete o envío do Espírito que vai guiar á súa igrexa como comunidade aberta á renovación continua.

Nós formamos parte desa comunidade en construción pola acción do Espírito.

Non deixemos que a rutina ou a comodidade nos aparten do proxecto de Xesús e esteamos abertos a deixarnos guiar pola acción do Espírito.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén




**Bendito ti, Xesús resucitado
coas feridas da lanza e mais os cravos.
Bendito para sempre ti es loado,
bendito ti, Xesús resucitado.**

- 1.- Bendito no aire fresco da mañá
e no cantar do paxaro ao espertar.
Bendito na auga fresca e rebuldeira
que dá vida aos prados e ás leiras.
- 2.- Bendito sexas na terra que agradece
o duro traballar coa súa anada,
bendito na esperanza que se esforza
por chegar a outra terra mellorada.

*(Esta cantiga é a número 84
do cancionero de Os Cotos)*

ALELUIA !! “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA